BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 19 de novembro de 2018
Núm. 222

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Ordenanzas e Regulamentos

ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE MERCADOS

EXPEDIENTE	2ª Modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos.
TRÁMITE	Anuncio elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial

O Pleno do Concello de Pontevedra, na sesión de 11.09.2018, aprobou inicialmente a 2ª modificación 2ª Modificación do regulamento dos mercados municipais de abastos.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 185, de data 25.09.2018, publicouse anuncio de exposición ao público, non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, polo que se entende elevada a definitiva a aprobación inicial, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co previsto no art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei.

Así mesmo o texto íntegro da modificación publicarase no apartado "normativa municipal" do menú "transparencia" da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, en relación ao artigo 5.4 da mesma.

O texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada é do teor literal seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2003 aprobouse o Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos do Concello de Pontevedra fundamentalmente cunha dobre finalidade, estabrecer as normas regulamentarias que permitiran adaptar á normativa xeral ás necesidades e peculiaridades propias dos mercados de abastos deste Concello así como servir para regularizar a situación dos distintos concesionarios e ocupantes dos postos destes mercados. Dito regulamento foi obxeto de modificación, publicada no BOP nº 78 de 24 de abril de 2017, coa finalidade fundamental de garantir que todos os postos de venda estivesen ocupados e que a súa explotación fose integral, racional e completa.

As actuacións operadas polo concello para o cumprimento da finalidade exposta non se limitaron a modificación do regulamento dos Mercados senón que conxuntamente iniciouse un proxecto de dinamización que conleva realizar unha unha remodelación da primeira planta do mercado, obras que se van financiar maioritariamente con fondos europeos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:EKOM3CKHDROPUQK8

Luns, 19 de novembro de 2018
Núm. 222

O concello necesita redistribuir os espazos do mercado municipal de abastos por varios motivos, entre outros: incrementar e mellorar o rendemento comercial do mercado, mellorar as condicións dos vendedores no referido a carga e descarga de mercancías e agrupar todos os postos da mesma actividade comercial en espazos de referencia.

Unha vez remodelada a planta alta do mercado licitaranse os novos postos que se destinarán a actividades vinculadas a innovación gastronómica.

Os novos usos da planta alta esixen novas obrigas para os concesionarios dos postos desa planta, o que supón ter que realizar unha nova modificación do regulamento, como figura no anexo a este acordo.

Considérase que os concesionarios da planta alta do mercado poderían asumir o custe económico do servizo de limpeza.

Esta opción vese necesaria xa que os espazos que se van a utilizar polos usuarios dos postos da planta alta do mercado serán espazos públicos, debidamente habilitados en zonas de ocio e confort, que deberán estar en todo momento limpos e recollidos para garantir o seu uso de maneira continuada por todas aquelas persoas que se acheguen a planta alta do mercado.

Aínda que a regra xeral recollida no texto do vixente Regulamento é que é obriga do concello a limpeza dos espazos dos mercados municipais, os novos usos do primeiro andar demandan unha limpeza continuada o que xutifica que no condicionado da concesión se lles esixa os novos concesionarios condicións de limpeza do espazo público que van utilizar no desenvolvemento das súas actividades; así o determina o artigo 80.8º do Regulamento de Bens locais de 1986 e a lexislación patrimonial das Administracións Públicas ao permitir, como contido do acto administrativo autorizatorio do uso do ben demanial, requerir ao particular beneficiario que asuma dito custe (artig 93.5 da Lei 33/2003, de 03 de novembro que remite ao art. 92.7.d, da mesma lei).

Non se trata pois de impoñer unha taxa, senón de fixar no condicionado do acto administrativo, título habilitante e conforme ao réxime de uso e ocupación dos bens locais, unha obriga necesaria para o correcto funcionamento do primeiro andar do mercado conforme aos novos usos do mesmo.

Modifícase a redacción do Artigo 5 no seu apartado 2)- Modalidade de xestión do servizo, que quedará redactado do seguinte modo:

2) Os servizos municipais de mercado de abastos se xestionarán, con carácter xeral, de forma directa, centralizada polo propio Concello, utilizando directamente ó persoal propio baixo a dirección do Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue e con cargo ós créditos orzamentarios ordinarios.

Atendendo as actividades que se desenvolvan no primeiro andar do mercado municipal da Avenida de Bos Aires, o concello poderá atribuír aos concesionarios dos postos ubicados nesta planta a asunción da xestión do servizo de limpeza desta planta."

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:EKOM3CKHDROPUQK8

Luns, 19 de novembro de 2018
Núm. 222

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da modificación do regulamento, poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso–administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, ao día da sinatura

O Secretario

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:EKOM3CKHDROPUQK8